CÍRCULO FERROLANO DE AJEDREZ

PROTOCOLO COVID-19

NORMAS HIXIÉNICAS E DE SEGURIDADE

CÍRCULO FERROLANO DE AJEDREZ
CENTRO COMERCIAL PORTA NOVA, 2º ANDAR

Debido á nova situación de alerta sanitaria da COVID-19, o Círculo Ferrolano de Ajedrez pon en marcha este protocolo co fin de garantir a posta en marcha das nosas actividades deportivas con todas as medidas de protección sanitaria.

No seguinte protocolo establécense as normas de acceso ao local, as medidas de protección durante o transcurso de actos deportivos e no resto de actividades levadas a cabo no local.

Todas estas medidas poden ir variando en función da evolución da alerta sanitaria no país.

A directiva do
Círculo Ferrolano de Ajedrez

Para poder acceder ao local será obrigatorio levar mascarilla hixiénica así como manter unha distancia de seguridade entre os/as usuarios/as do local.



O aforo máximo permitido é de 110 persoas. Este aforo garante a distancia interpersoal no transcurso das nosas actividades.

O noso local conta con contedores de lixo con pedal para o refugallo do material hixiénico-sanitario como mascarillas, panos, luvas, etc...

No exterior do local hai señalizacións das rutas de entrada e saída no chan coa distancia de seguridade interpersoal.

O acceso ao local conta con dúas rutas de entrada e saída diferenciadas cunha liña vertical .

A entrada ao local ten unha alfombra que conta cunha zona húmeda de limpeza e outra de secado para a desinfección dos zapatos.

Unha vez dentro, contamos cunha mesa de hixenización que contén xel hidroalcohólico para a desinfección das mans. Tamén hai luvas e pantallas protectoras para todas as persoas que as precisen.



Tomarase a temperatura cun termómetro dixital a toda persoa que acceda ao local, sendo imprescindible que a súa temperatura corporal se atope nos parámetros establecidos pola Administración Sanitaria.

Contamos cunha lámpada ultravioleta esterilizadora para a desinfección de material pequeno.



O chan do local conta con frechas indicadoras de entrada e saída, así como amplos corredores entre as mesas de xogo para garantir a distancia interpersoal de seguridade.

Todas as mesas dispoñen dun bote de xel hidroalcohólico para a desinfección das mans antes do comezo de cada partida.

O club ofrece pantallas protectoras para aqueles/as xogadores/as que as precisen, sendo logo devoltas para a súa desinfección ao final de cada evento.

Outras medidas adicionais:

- Non poderá acceder á zona de xogo ningún acompañante nin ningunha persoa allea aos eventos e actividades levadas a cabo pola organización.

- Suprímense os saúdos de cortesía iniciais e finais nas partidas.

- Ao remate de cada rolda ou evento, desinfectarase a mesa, cadeiras e elementos de xogo (pezas, taboleiro e reloxo dixital).

- O persoal da organización e arbitraxe levará obrigatoriamente luvas de nitrilo.

- A directiva do Círculo Ferrolano de Ajedrez poderá implementar outro tipo de medidas adicionais segundo a evalución da alerta sanitaria.

- Todo/a participante en calquera actividade organizada polo club terá o obiga de cumplir todo este protocolo.

A directiva do Círculo Ferrolano de Ajedrez